

INTRODUCCIÓN

Pasados dez anos dende o pasamento de José Saramago na illa de Lanzarote, no medio do Atlántico, este número especial desexa renderlle homenaxe ao único premio Nobel de literatura en lingua portuguesa. Farémolo dende o Pacífico, dende o lugar no que Jorge de Sena deixou un poderoso sinal de internacionalización e modernización da literatura portuguesa e da súa crítica e que José Saramago foi continuando.

Dende a [I Cátedra Internacional José Saramago](#) da Universidade de Vigo (CJS), agradecemos ao [Center for Portuguese Studies](#) da University of California – Santa Barbara (CPS) o convite para editar esta colectánea de estudos. Inscríbese esta colaboración entre o CPS e a CJS nas actividades da recentemente creada [rede JaRICCA](#) (Jangada - Rede Internacional de Cátedras, Centros de Investigación e Associações galegas e lusófonas). A rede foi constituída en Pontevedra, no día 1 de decembro de 2019, por ocasión das IV Xornadas Internacionais José Saramago da Universidade de Vigo, para (cor)responder a tres ideas centrais que poden ser deducidas da obra e do pensamento saramaguianos:

1. A “trans-ibericidade”, na cal consideramos primordial salientar as minorías e, sobre todo, a Galicia como orixe cultural e literaria non só do mundo lusófono mais tamén dunha parte fundamental do espazo iberorrománico en xeral.
2. A “Carta universal de deberes e obrigações dos seres humanos”,¹ suxerida por José Saramago como complemento necesario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
3. A consciencia de que as mudanzas verdadeiramente importantes só se realizan se adoptarmos tamén, nos momentos precisos, posicións extra-sistémicas.

A rede componse, nesta primeira fase, das seis cátedras Saramago existentes a nivel mundial, outras catro cátedras do Instituto Camões, tres institutos de investigación (Estados Unidos, Galicia, Portugal), un grupo de investigación (Brasil), unha rede e unha

¹ Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/pt/blog/carta-universal-de-deveres-e-obrigacoes-dos-seres-humanos-em-portugues-espanhol-e-ingles-248/>> (consulta do 31/3/2020).

asociación cultural e pedagóxica, xunto con docentes e investigadoras/es individuais, entre os cales se contan as autoras e os autores dos estudos reunidos neste número.²

JaRICCA é coordinada pola CJS, que fora fundada en 2015 a partir dun convenio entre a Universidade de Vigo e a Fundação José Saramago como un espazo de estudo, reflexión e cooperación a partir da literatura, do pensamento e dos ideais éticos e de igualdade de José Saramago.³ Entre os numerosos proxectos de investigación, de divulgación social e transferencia do coñecemento da CJS destaca, por exemplo, a publicación de *Resposta a Italo Calvino - Clássicos da Literatura*, da autoría de Carlos Nogueira, editado pola Livraria Lello e a CJS e que recibiu o Prémio de Ensaio Jacinto do Prado Coelho 2019.⁴ A CJS tamén elaborou un Catálogo Bibliográfico José Saramago, posto en marcha no 2016 e que pretende ir reunindo todas as referencias a obras impresas ou dispoñibles en liña de e sobre o autor, así como entrevistas, recensións, adaptacións cinematográficas, dramáticas e artísticas.⁵

Até ao momento, a CJS organizou catro edicións de Xornadas Internacionais José Saramago (2016-2019),⁶ co obxectivo de fomentar un diálogo entre investigación e sociedade e co afán por continuar creando obra crítica sobre o autor, para tecer pontes entre o mundo lusófono e galego, e, sobre todo, para levar a obra saramaguiana a novos ámbitos académicos e sociais, sempre nun claro afán interdisciplinario. Froito desta interdisciplinidade foron, por exemplo, as colaboracións con catro titulacións distintas da Universidade de Vigo, onde docentes e discentes desenvolveron os seus coñecementos académicos a partir da obra e dos valores defendidos por José Saramago. Durante as II Xornadas Internacionais José Saramago, o alumnado de Belas Artes creou obras de animacións a partir do motivo da “passarola” de *Memorial do Convento*, un proxecto cuxa descrición pola artista e profesora de Belas Artes da UVigo, Sol Alonso Romera, incluímos neste número. Tamén en 2017, o alumnado dos graos de Comunicación Audiovisual e de Enxeñería de Telecomunicación da UVigo realizaron catro videoxogos a partir de *A Viagem do Elefante*.⁷ Xa nas III Xornadas, a realizouse unha colaboración co alumnado e o profesorado de Ciencias Políticas, que reflexionou sobre a autonomía a partir da lectura de

² Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/pt/blog/jangada-rede-internacional-de-catedras-centros-de-investigacao-e-associaoes-266/>> (consulta do 31/3/2020).

³ Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/>> (consulta do 31/3/2020).

⁴ Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/pt/publicacoes-da-catedra/livros/carlos-nogueira-resposta-a-italo-calvino-classicos-da-literatura-255/>> (consulta do 31/3/2020).

⁵ Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/pt/jose-saramago/obra/>> (consulta do 31/3/2020).

⁶ Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/pt/jornadas/>> (consulta do 31/3/2020).

⁷ Véxase <<https://catedrasaramago.webs.uvigo.gal/pt/blog/1-comunicacao-das-ii-jornadas-internacionais-jose-saramago-91/>> (consulta do 31/3/2020).

A Jangada de Pedra, ideas que recolle este número a través dos textos de dous politólogos da UVigo, Enrique José Varela e Celso Cancela. Por outra banda, o alumnado do Máster en Libro ilustrado e Animación Audiovisual de Belas Artes iniciou un proxecto de animación de *O Conto da Ilha Deconhecida*, tamén presentado neste número por Sol Alonso Romera. Para as IV Xornadas, o alumnado do mesmo Máster animou novamente un conto de Saramago, “A Desforra” (procedente de *Objecto Quase*), mentres que dous estudantes do Grao en Comunicación Audiovisual realizaron unha adaptación cinematográfica de “O Embargo”.⁸ Para a CJS, estes proxectos interdisciplinarios, que fomentan a independencia e a aprendizaxe real do alumnado, resultan fundamentais para unha transferencia do coñecemento aplicada e para a creación de materiais didácticos capaces de vehicular a bora saramaguiana e os seus contidos éticos de cara á sociedade.

Este mesmo espírito interdisciplinario percorre todo o número que aquí se presenta. Na parte principal, reunimos 13 estudos sobre a obra de Saramago, orientadas por perspectivas non soamente procedentes da crítica literaria, mais incluíndo tamén dende a filosofía, as ciencias políticas, a psicoloxía e a cinematografía.

O primeiro texto, de Burghard Baltrusch, titulado **“A sua jangada ainda flutua sobre as águas: revisitando José Saramago dez anos após a sua morte – com Sena e Sartre ao fundo”**, parte dunha comparación entre a vida e a obra de José Saramago e Jorge de Sena, dous xigantes literarios e intelectuais que continúan a ser polémicos para unha parte da sociedade portuguesa, tamén porque representan unha imaxe da cultura portuguesa no mundo radicalmente diferente da tradicional. Nunha segunda parte, destácase unha afinidade existencialista-humanista, pouco estudada ata o momento, entre a obra de Saramago e a de Jean Paul Sartre, para despois analizar o carácter universal da obra a partir da alegoría da *jangada de pedra*, que Saramago asumiu como metáfora válida para a súa vida e obra despois da súa mudanza a Lanzarote. Conclúese cunha sistematización da relación entre o literario e político na obra do autor.

En **“Deitado no chão. O romance *Claraboia* no contexto de uma pré-história literária de José Saramago”**, Ricardo Duarte propón unha nova clasificación dos primeiros textos do autor. Tomando a obra *Levantado do chão* como inicio da historia literaria do autor, *Claraboia* e os textos de 1947 a 1977 poderían constituír unha especie de pre-historia da súa vida literaria, pois comparten unha unidade coherente e tres marcos esenciais da “aprendizagem do romance”: a afirmación do escritor-lector, do escritor-humanista e do

⁸ Véxase <<https://tv.uvigo.es/video/5e202595509503629d28fa83>> (consulta do 31/03/2020).

escritor-autor. Para Duarte, no caso concreto de *Claraboia*, este romance do escritor-humanista dá sentido e ilumina as etapas da poesía e da crónica. O escritor posible, cede lugar a unha consciencia autoral en “ir até o sabugo”, como escribe nos versos iniciais de *Os poemas possíveis*, en dedicación dunha “vida inteira” moldeando as palabras con “ritmo, segurancia e consciencia”.

Rosaria de Marco reflexiona sobre o poder nun texto titulado **“A lingua do Poder segundo Saramago”**, no que defende que as situacións extraordinarias que o autor imaxina e arredor das que constrúe as historias son unha metáfora do comportamento posto en práctica por cada personaxe (e grupos delas) en relación ao novo e ao inesperado. A apertura ao novo, a capacidade de interpretar os síntomas, o deber de imaxinar solucións orixinais para problemas inéditos e a disposición para medir os seus efectos son as calidades políticas que Saramago quere encontrar en todos, e, sobre todo, en todos os que teñen o Poder, ou calquera forma del, por ínfima que sexa.

Co texto de Enrique Varela, **“Los mil y un relatos politológicos de Saramago en su obra *La balsa de piedra*”** iniciamos un conxunto de tres estudos que versan arredor da novela *A Jangada de Pedra*. Varela fai unha lectura do contexto político español no que se desenvolveu o Estado de Autonomías a partir da novela de Saramago, así como as leccións que se poden extraer dunha obra que anticipou algúns dos camiños percorridos por España e Portugal tras a entrada na Unión Europea. Para o autor, é posible ver na novela propostas de prácticas políticas e administrativas que están moi lonxe de chegar ás nosas institucións, xunto cun avance das crises institucionais que as democracias do benestar viven tres décadas despois en Europa e nos estados-nación que as forman, así como unha premonición do ascenso das desigualdades. A modo de “in-conclusión”, o autor engade un *post-scriptum* sobre a pandemia actual do Covid-19.

Pola súa banda, Celso Cancela, no seu artigo **“A Jangada de Pedra e a súa localización política”** pregúntase, tamén desde unha óptica política, onde se sitúa actualmente a *jangada de pedra* saramaguiana. Para o autor, a ficticia arribada da *jangada* a un punto indeterminado no Atlántico sur non se corresponde coa formulación e orientación das políticas exteriores española e portuguesa dos últimos catro decenios. A situación ocasionada pola crise (o potencial rompemento da eurozona) evocou a novela *A Jangada de Pedra*, isto é, o desmembramento xeolóxico-simbólico dos estados peninsulares do continente europeo. Lonxe de afastarse de Europa, polo menos da Unión Europea, España e Portugal hoxe semellan estaren ancorados ineludiblemente nela; lonxe de separarse, percorreron un camiño de aproximación, de adaptación e de integración progresiva no marco

político-económico europeo. Desde a perspectiva da ciencia política é recorrente o uso da noción “europeización” e, tres décadas despois da publicación da obra, Cancela defende que a alegórica *jangada de pedra* aparenta estar fixada fortemente en Europa, na Europa política, económica e monetaria representada pola Unión Europea (aínda que non acontece o mesmo no apartado social).

Ana Cláudia Henriques analiza en **“A Jangada de Pedra como personagem: da consciência de si à construção de um modelo alternativo à sociedade capitalista”**, a partir do pensamento de Deleuze, que se podería ver a *jangada* saramaguiana como a creación dunha nova hipótese revolucionaria, que inventa territorios sociais e formas aínda non estudadas. A sociedade retratada, incapturable porque acontece fóra dos sistemas de representación habituais, convértese nunha posibilidade doutro mundo que comeza no momento no que Saramago provoca o desprendemento da Península e, con el, a posibilidade de morte e colapso. Por iso, para Henriques estamos ante unha novela optimista porque se fundamenta na idea de que se a humanidade se fixo a si mesma (se é resultado dunha circunstancia) tamén se podería reinventar (se se volvesen crear de novo esas circunstancias).

Em **“Literatura, política e amor em *Último Caderno de Lanzarote (O diário do Nobel)*”**, Manuel Frias Martins, autor do libro *A Espiritualidade Clandestina de José Saramago*, reflexiona sobre o que el denomina como “unha espiritualidade laica” que está presente na obra de José Saramago. Se ben sabemos que o autor é ateo, habería unha busca de comprensión de Deus, un impulso que non se asenta nin na fe nin na crenza, senón nunha espiritualidade non relixiosa. Para Frias Martins hai unha ecuación necesaria para entender a experiencia humana e as súas implicacións culturais e literarias no autor e que pasa pola unión dun comunismo e un socialismo como estado de espírito. Pero esta dimensión espiritual tamén é conseguida a través do que o autor entende como unha ética da compaixón presente e que se confirmaría en pasaxes do *Último Caderno de Lanzarote* de Saramago.

José Vieira, no seu artigo **“Caim, um herói da post-modernidade”**, analiza algúns episodios da novela *Caim* a partir da estética do posmodernismo, concretamente en relación con ideas como a relativización da Historia, a crítica ás narrativas establecidas e a reinterpretación do fenómeno literario aos ollos do mundo contemporáneo. É sobre esta problematización sobre a que Saramago construírá a vida de Caim, partindo do que está escrito na *Xénese* pero, sobre todo, a partir de todos os espazos en branco que quedan na Biblia. Por iso hai un desvío da narrativa canónica, presentando unha personaxe cunha desenvoltura que non estaba no texto bíblico e que termina por reverter a historia. A personaxe de Caim adquire unha complexidade psicolóxica que se vai construíndo a partir

da imaxe do maldito e procede a un baleiramento de sentido da figura divina. O seu inconformismo, a súa ousadía e os seus enfrontamentos con Deus serían o que permite demostrar que se trata dun heroe da posmodernidade.

A seguir, Antía Monteagudo, analiza en **“A cidade de *O Ano de 1993*”** o núcleo urbano que se constrúe no poemario *O ano de 1993* e a forma na que os cambios no contexto socio-político que esta sofre se proxectan na arquitectura da cidade. Nas obras de Saramago o espazo urbano non se presenta só como un decorado, senón como un ente orgánico, completo, onde conflúen diversos elementos interrelacionados entre si. Destaca a rigorosidade coa que se describen os espazos nas obras do autor portugués e que documentan o pensamento arquitectónico que se constrúe nos seus libros (Parra Bañón). A cidade de *O Ano de 1993* preséntase como o lugar onde se unen todos os episodios crueis da historia universal, como un paradigma de todos os elementos negativos da sociedade urbana contemporánea. É un lugar deshumanizado, onde as persoas perden todos os trazos que caracterizan aos seres humanos: sentimentos, racionalidade e ata linguaxe.

Mirielly Ferraça e Stanis David Lacowicz presentan un estudo que tamén pensa o espazo nas obras de Saramago, baixo o título **“Monumentos e espazo ficcional: ficções e realidades em *O Ano da Morte de Ricardo Reis*”**. Colócase a atención sobre monumentos como o da estatua de Camões en Lisboa, que, como concentradora de sentidos do espírito lusitano entra nunha relación dialóxica e, polo tanto, de tensión, coa figura de Ricardo Reis, xunto co discurso polifacético de Fernando Pessoa e coas voces narradoras. O monumento de Camões deixa de valer por si mesmo e transfórmase nun índice de interpretacións, unha forma sobre a que o tempo agregou sentidos, transformándoa. Así, no medio dun tecido de memorias na que están implicados o autor, o narrador, a personaxe e os lectores, o público lector é incluído nesta tensión entre o negar e o aceptar da herdanza memorial, sexa en relación aos discursos históricos ou á tradición literaria.

Desde unha perspectiva psicolóxica, Raquel Sabino estuda en **“A construção do eu em *Todos os Nomes: uma visão a partir da psicologia narrativa*”** como a busca do Sr. José da muller descoñecida acaba por ser unha descuberta de si mesmo e, en consecuencia, unha construción do significado e da organización da súa narrativa persoal. Identifícanse as marcas do proceso de construción do Eu que se interpretan a partir dunha perspectiva de psicoloxía narrativa, que se fundamenta na relevancia da interacción dos individuos co ambiente e co Outro, así como na importancia de contaren as súas experiencias como forma para se organizaren a si mesmos e a súa vida. Arguméntase que é a través da exploración da historia da muller descoñecida que o Sr. José dá significado á súa narrativa e

se transforma, xa que segundo Saramago, “o que dá verdadeiro sentido ao encontro é a busca”.

Lourdes Pereira, en **“No inicio era a palabra: a forza da narrativa saramaguiana na construción cinematográfica, a partir de *O Homem Duplicado*”**, último texto que compón o primeiro bloque, estuda a correspondente adaptación cinematográfica da novela de Saramago por Denis Villeneuve, e que se intitulou *Enemy* (2013). Para Pereira, o obxectivo non é o de explicar como unha arte recibe outra, senón que se debe verificar en que medida ese diálogo estimula ou non, e ata que punto se mantén a vixencia dunha mensaxe común, a pesar de partiren de códigos e de metodoloxías distintos, daquilo que algúns chegan a denominar como “gramática”, ou sexa, dunha linguaxe con regras propias. Trataríase dunha relación que só pode ser entendida a partir da forza da palabra saramaguiana na construción dunha narrativa que se asenta nunha actitude simultaneamente estética e ética.

Na segunda parte do monográfico, e seguindo o referido obxectivo interdisciplinario e de transferencia do coñecemento, presentamos tres descrições de proxectos de animación audiovisual a partir de textos literarios de José Saramago, levados a cabo polo profesorado e alumnado do Máster en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

No primeiro texto, titulado **“La Passarola. Proyectos de Animación a partir de una representación y adaptación libre de los pasajes originales del texto de José Saramago, *Memorial del convento*”**, Sol Alonso Romera coordina un grupo de traballo (composto por Andrea Alonso Casado, Gels Caletrió, Sarah Espinosa, Yvonne M. López Gaus e Alba Velázquez García) sobre o proceso de realización dunha representación artística e estética da máquina da “passarola”, que José Saramago describe no seu texto *Memorial do Convento*. Explicase como mediante a análise dunha abundante recompilación de fragmentos descritivos do texto mencionado se levaron a cabo a creación de cinco obras de animación audiovisual. Como resultado desta aprendizaxe baseada en proxectos, o alumnado tivo a oportunidade de resolver un encargo da vida real e, por outra banda, de xerar imaxinarios accesibles a toda a sociedade como forma de acceso ao coñecemento, traballo que a arte pode asumir. Os resultados finais das cinco animacións visuais poden ser visualizadas a partir de ligazóns da UVIGO TV.

Na segunda **“Presentación de proyecto. Resultados alcanzados en la realización de un cortometraje de animación, basado en el texto de José Saramago el**

Cuento de la Isla Desconocida (Conto da Ilha Desconhecida)”, a artista e profesora Sol Alonso Romera describe o proceso de animación dun segundo proxecto de cooperación entre a CJS e o alumnado do mencionado Máster de Belas Artes da UVIGO. Relátase a análise conceptual e as decisións estéticas máis importantes, como o texto se organiza cronoloxicamente para ir mostrando a progresiva maduración do nivel de aprendizaxe do alumnado en relación aos resultados de produción artística. Tras unha relectura do texto e unha nova interpretación (segundo a idea de que o texto debe desencadear un ‘espertar’ e a busca dun camiño propio), modificouse o guiión literario, realizáronse o guiión técnico e o *storyboard*, os escenarios, os obxectos e as personaxes, de forma que se puidese proceder a filmar unha curtametraxe coas técnicas de *stop motion* e debuxo animado 2D.

Por último, José Chavete, en **“Planificación de la animación de *Desquite*”** explica a forma na que un conto saramaguiano de só unha páxina de extensión, con poucas personaxes e escaso diálogo, e con unicamente tres ou catro escenarios deu lugar a decenas de folios, centos de debuxos, miles de fotos, decenas de maquetas e numeroso material usado para a construción dos escenarios. Móstrase un proceso que comeza, de novo, coa interpretación do texto que permita o paso do texto á imaxe para despois poder crear un *story* (a historia en escenas) e, posteriormente, un *storyboard* (os debuxos do que se vai filmar). Recorda o autor, tomando como base o pensamento de Umberto Eco, que é a través da forma, neste caso do debuxo, que a ideoloxía é capaz de calar nas clases máis humildes, alí onde non chegou a cultura superior e, polo tanto, a escritura. Isto implica unha grande responsabilidade que o alumnado de arte debe coñecer e ter en conta. Desta forma, os textos de Saramago non viven só cando se len senón tamén cando se interpretan.

Alén do noso agradecemento a todas e a todos os autores que contribuíron para esta homenaxe a José Saramago, queríamos aínda incluír unha sentida dedicación deste número monográfico a Mécia de Sena, que faleceu no día 28 de marzo de 2020, aos 100 anos, unha das grandes mulleres portuguesas do século XX, e cuxa contribución á cultura portuguesa no mundo pouco a pouco ha de saír da sombra.

Burghard Baltrusch e Antía Monteagudo Alonso